

Alumnado con discapacidade motora

EDITA

Xunta de Galicia
Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ILUSTRACIONES

Lara Díaz Pintos

D.L.

C-2562/06

*Préstame os teus azos
e voaremos xuntos polo ar...*

Entre as mans temos un novo número da colección “*Orientacións e respostas educativas*” que, ao igual cós anteriores, trata de espallar entre os integrantes da comunidade escolar as características máis salientables do alumnado con necesidades educativas especiais, neste caso ligadas á discapacidade motora.

Con esta publicación queremos dar a coñecer as características máis significativas deste alumnado, achegando a toda a comunidade educativa as peculiaridades que lle son propias.

Facémolo conscientes de que a atención á diversidade é un principio educativo que hai que aplicar en calquera centro e a calquera grupo, para o que a escola debe dar unha resposta específica e de calidade a todas as persoas e en todos os ámbitos do seu desenvolvemento.

Trátase de que entre todos, familia, escola, sociedade en xeral, deamos a resposta educativa máis idónea, optimizando o axuste curricular e organizativo dos centros, e facendo real o principio de calidade e equidade que propugna a Lei de educación.

Esta vontade non é senón o recoñecemento duns dereitos que lles son propios a todos os individuos, pero que en ocasións requiren, para que o seu exercicio sexa real, duns servizos de apoio axeitados. A Administración educativa é consciente da súa obriga de procurarllelos e manifesta a súa intención decidida de traballar a prol deles.

Hai que destacar tamén a inmensa sorte que tivemos, unha vez máis de contar coa xenerosa colaboración da *Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña*, que puxo todos os seus recursos ao noso dispor para que este número tivese o fermoso resultado final que estamos a ver.

Laura Elena Sánchez Piñón
CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ÍNDICE

DISCAPACIDADE MOTORA

Que se entende
por discapacidade motora? 7

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

Quen a fai e como se leva
a cabo? 11

RESPOSTA EDUCATIVA

Que podemos facer nos
centros educativos? 15

BUSCANDO AXUDA

Por onde empezo? 29

PAPEL DAS FAMILIAS

Que podemos
facer os pais e nais? 33

PARA SABER MÁIS

37



DISCAPACIDADE MOTORA

Que se entende por discapacidade motora?

Falar de “discapacidade motora” supón referirse de modo global e xenérico a unha ampla e variada clasificación de trastornos unidos polo lazo da alteración física e con maior ou menor nivel de afectación nas súas manifestacións prácticas.

De acordo con isto, e de forma xeral, podemos dicir que as discapacidades motoras abranguen un grupo de alteracións do aparello motor (ósos, articulacións, músculos ou sistema nervioso implicado na regulación da mobilidade), debidas a diferentes causas, en graos e formas variables e que de maneira transitoria ou permanente supoñen algunha limitación ou imposibilidade funcional para unha persoa. No ámbito educativo, polo xeral, requiren de adaptacións para acceder ao currículo ordinario.

Xunto coas disfuncións propias do aparello motor, poden presentarse algúns **trastornos asociados**. Os máis habituais son os seguintes:

- Alteracións sensoriais (visión, audición).
- Trastornos neurolóxicos.
- Dificultades na percepción.
- Alteracións da linguaxe.
- Dificultades cognitivas e de atención.
- Alteracións emocionais e socioafectivas.

A discapacidade motora pode adoptar unha grande variedade de formas que non permite facer doadas xeneralizacións. Como primeira aproximación, nun sentido amplo, poderíase falar de trastor-

nos motores **leves, moderados e severos**, segundo sexa o nivel de afectación da persoa no que se refire á mobilidade, autonomía e comunicación.

En calquera caso, as alteracións que se poden observar como consecuencia de lesións no aparello motor son de grao moi variable, dependendo da súa orixe, localización, extensión e da importancia funcional da zona afectada. Os trastornos de maior incidencia entre a poboación escolar son a parálise cerebral, seguida da espiña bífida, as distrofias musculares e os traumatismos craneoencefálicos.

Inda que é moi difícil atopar unha clasificación que recolla de forma clara todos os posibles trastornos motrices que podemos atopar na idade escolar, a continuación expónse unha síntese das principais tipoloxías destes trastornos atendendo aos criterios máis utilizados:

DISCAPACIDADE MOTORA

Segundo a afectación das extremidades

	Lixeira	Acusada
Unha extremidade	<i>monoparesia</i>	<i>monoplexía</i>
Un lado do corpo	<i>hemiparesia</i>	<i>hemiplexía</i>
As dúas pernas	<i>paraparesia</i>	<i>paraplexía</i>
Dúas extremidades simétricas	<i>díparesia</i>	<i>diplexía</i>
Tres extremidades	<i>triparesia</i>	<i>triplexía</i>
As catro extremidades	<i>tetraparesia</i>	<i>tetraplexía</i>

Segundo a alteración do ton muscular

Espasticidade:

hipertonia ou aumento esaxerado do ton muscular

Ataxia:

ton muscular diminuído; descoordinación dos movementos

Atetose:

variacións da intensidade do ton muscular

De tipo mixto:

combinación das anteriores

Segundo a orixe

Orixe cerebral

Parálise cerebral
 Traumatismos cranioencefálicos
 Tumores

Orixe muscular

Miopatías
 Distrofias musculares

Orixe espiñal

Espiña bífida
 Traumatismos medulares
 Lesións medulares dexenerativas
 Poliomielopatía, polioencefalite

Orixe óseo-articular

Malformacións conxénitas:
 ausencia dalgunha parte ou malformacións conxénitas;
 luxación conxénita de cadeira; artrogripose

Distrofias óseas:
 osteoxénese imperfecta; condrodistrofia

Acondroplasia

Osteocondrose

Amputacións e traumatismos

Reumatismos infantís

Patoloxías microbianas:
 osteomielite aguda; tuberculose óseo-articular

Lesións por desviacións da columna vertebral

Ademais, segundo o momento de aparición da lesión ou causa que xera unha discapacidade motora podemos falar en xeral dos seguintes períodos:

Prenatal (durante o embarazo): as causas máis frecuentes son as de tipo xenético, así como as infeccións intrauterinas, as intoxicacións, os traumatismos ou as enfermidades maternas (diabete, hipertensión...).

Perinatal (no momento do parto): as máis habituais son a prematuridade, o sufrimento fetal e a anoxia.

Posnatal (producida despois do nacemento): as infeccións do sistema nervioso (meninxite, encefalite), as alteracións metabólicas e os traumatismos cranioencefálicos son as causas que teñen maior incidencia e secuelas máis importantes.



IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

Quen a fai e como se leva a cabo?

Aínda que ás veces son as familias as que detectan que o seu fillo ou filla non evoluciona segundo os patróns normais do desenvolvemento, polo xeral a primeira fonte de detección e información procede dos servizos de neonatoloxía dos hospitais materno infantís e dos médicos especialistas en pediatría. Outras institucións, como as escolas infantís, os colexios e os servizos sociais son tamén, con certa frecuencia, axentes de identificación da poboación con alteracións motrices. En calquera caso, a avaliación médica debe levarse a cabo tan pronto como se detecte o problema.

Na actualidade, a diagnose precoz realizada polos servizos médico-sanitarios fai que estes nenos e nenas reciban a debida intervención e tratamento dende os primeiros días de vida. A atención temperá, que engloba o traballo de profesionais de diversos ámbitos, convértese nun pilar básico para procurar paliar as dificultades detectadas, prever futuras necesidades e favorecer todas as posibilidades do desenvolvemento evolutivo.

A CHEGADA Á ETAPA ESCOLAR

A etapa escolar destes rapaces e rapazas iníciase a partir dunha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación dos centros educativos, valoración que resulta imprescindible para poder tomar decisións e ofrecer propostas de intervención. Dentro dun enfoque de traballo interdisciplinar, é necesario recadar toda a información útil e relevante dende un punto de vista educativo sobre o neno e a nena e o seu contorno, coas achegas da familia e dos profesionais que participan no seu proceso de desenvolvemento.

Esta valoración no contexto escolar deberá ter en conta tamén a información derivada dos ámbitos clínico-neurolóxico, motriz-corporal, cognitivo, comunicativo, afectivo e socio-familiar; procurando que a focalización do estudo no ámbito motriz non supoña o descoido doutras dimensións da persoa.

De forma máis concreta, os aspectos máis relevantes que se deben contemplar na avaliación psicopedagóxica deste alumnado son os seguintes:

Datos psicobiolóxicos do desenvolvemento persoal: trátase de recoller datos de interese sobre o diagnóstico clínico do alumno ou alumna, sobre o seu desenvolvemento evolutivo, grao de minusvalía, deficiencias asociadas (visuais, auditivas, cognitivas, procesos convulsivos), tratamentos complementarios que está recibindo e seguimentos médicos.

Datos relevantes do contorno sociofamiliar, procurando valorar o nivel de colaboración, interacción e vivencia familiar en relación á situación do alumnado (expectativas persoais e escolares).

Mobilidade e control postural: analízanse aspectos como o control cefálico, a sedestación, a bipedestación e os desprazamentos, determinando o grao de autonomía e tipo de axudas persoais ou técnicas que precisa para levar a cabo estas accións.

Nivel de manipulación: avalíanse o uso funcional das mans, a lateralidade preferente, a coordinación óculo-manual, o tipo de prensión que realiza e os movementos asociados involuntarios, así como as adaptacións requiridas nos materiais.

Comunicación. Analízase como se comunica (modalidade e calidade): se ten linguaxe oral e se resulta intelixible, se utiliza algún sistema aumentativo ou alternativo de comunicación ou como é o seu nivel de comprensión das mensaxes.

Capacidades cognitivas: aínda que é certa a súa dificultade de avaliación, sobre todo cando están afectadas as áreas da comunicación



e da manipulación, isto non debe impedir a valoración xeral da forma en que o alumno ou alumna accede ao coñecemento, así como da súa potencialidade para a adquisición das aprendizaxes.

Hábitos de autonomía: é importante coñecer o seu grao de execución ou colaboración para levar a cabo as actividades básicas da vida diaria: aseo, vestido, alimentación, control de esfínteres, etc., co fin de prever as axudas necesarias e establecer un programa de intervención adecuado.

Características persoais: principais trazos da personalidade, intereses manifestados, autoconcepto, motivación, espírito de superación, incentivos e reforzos aos que responde mellor, adaptación persoal e social.

Datos escolares e pedagóxicos: historia escolar e, no seu caso, nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, así como outros aspectos relevantes do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Determinación das necesidades educativas especiais e dos recursos necesarios para atendelas: a análise das súas necesidades educativas permitirá definir as adaptacións e recursos que se precisan para que poida escolarizarse e acceder ao currículo da forma máis normalizada posible: transporte adaptado, adecuación dos espazos, adaptación de mobiliario, persoal especializado ou axudas técnicas.

Conclusións, propostas e orientacións. Unha vez avaliadas as súas competencias e necesidades tendo en conta todos os datos anteriores, estarase en condicións de realizar as correspondentes propostas: modalidade de escolarización, obxectivos que se pretende acadar, materiais e recursos, estratexias curriculares e organizativas, ademais de todas aquelas orientacións que se consideren oportunas para a intervención educativa.

RESPOSTA EDUCATIVA

Que podemos facer nos centros educativos?

A atención ofrecida debe servir para proporcionarlle ao alumnado con discapacidade motora os recursos necesarios que lle permitan situarse, dun xeito significativo e o máis autónomo posible, no mundo. O traballo inicial que hai que levar a cabo nos centros educativos debe incluír a valoración das súas capacidades e necesidades, así como a determinación dos elementos, adaptacións e recursos necesarios para darlle unha resposta axeitada.

MODALIDADES E PROCEDEMENTO DE ESCOLARIZACIÓN

A escolarización do alumnado con discapacidade motora ten que considerar, ademais das necesidades educativas persoais de cada alumno ou alumna, outras variables como son as características do centro escolar ou a dispoñibilidade de recursos específicos. No marco dunha escola inclusiva e aberta á diversidade, a orientación sobre a modalidade de escolarización establecerase buscando o maior axuste posible entre a situación deste e a intervención educativa que requira.

Polo tanto, e de acordo coa lexislación educativa vixente, a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais ofrece diversas posibilidades que van dende a escolarización completa nun contorno ordinario ata a escolarización en centros específicos de educación especial, pasando por unha modalidade de escolarización combinada entre centro ordinario e específico. En calquera caso, todas as modalidades de escolarización teñen carácter revi-

sable e reversible; isto quere dicir que poden estar suxeitas a modificacións e adaptacións segundo a evolución que vaia presentando o alumnado.

Neste contexto, segundo a modalidade de escolarización que se propoña, e de acordo coas súas características particulares, pode ser escolarizado nalgún dos seguintes tipos de centros educativos:

Centro ordinario: como norma xeral, a nosa lexislación sinala que o alumnado con necesidades educativas especiais, incluídas as derivadas de discapacidade motora, será escolarizado nos centros educativos ordinarios, coas adaptacións, apoios e axustes pedagóxicos que cumpran, e nas mesmas condicións e prazos de admisión que o resto do alumnado.

Centro ordinario de escolarización preferente para alumnado con discapacidade motora: son centros que, polas súas características, equipamentos, recursos e servizos complementarios, permiten ofrecer unha atención educativa específica e axustada ás necesidades deste alumnado, polo que terá preferencia para ser escolarizado neles. A determinación de cales son centros de escolarización preferente correspóndelle á Administración educativa.

Centro específico de educación especial: ten como finalidade principal a escolarización do alumnado que, pola gravidade, tipoloxía ou permanencia das súas necesidades educativas, requira recursos excepcionais e atencións especializadas que non poidan proporcionarse en contextos ordinarios.

Aula específica de educación especial nun centro ordinario: son aulas situadas en centros ordinarios que a Administración educativa pode determinar, tendo en conta, entre outros criterios, a oferta educativa existente na zona. Nestas unidades é atendido alumnado baixo a modalidade de educación especial, pero aproveitando ao mesmo tempo a situación dentro dun contorno ordinario, co fin de facilitar a súa integración e participación en determinadas

actividades do centro. A escolarización nestas aulas está suxeita ás mesmas condicións e procedementos ca nos centros específicos.

Por outra parte, en casos moi determinados e cuns requisitos concretos, a nosa lexislación tamén contempla a *atención educativa hospitalaria e domiciliaria* como medidas para darlle continuidade ao proceso formativo do alumnado en escolarización obrigatoria que, por prescrición facultativa, non poida asistir de xeito habitual e continuo ao seu centro escolar.

Con respecto ao procedemento de escolarización, o marco legal na nosa Comunidade Autónoma establece, con carácter xeral e ordinario, os seguintes pasos:

- Cando a familia do alumnado con necesidades educativas especiais solicita praza nun centro educativo, a dirección do centro, despois de informar a familia do proceso a seguir, comunicaralle ao Departamento de Orientación a necesidade de avaliación do neno ou nena.
- O Departamento de Orientación do centro leva a cabo a súa avaliación psicopedagóxica e elabora o ditame de escolarización, no que se deben contemplar:
 - As necesidades educativas detectadas e os recursos necesarios.
 - As orientacións para ofrecer unha resposta educativa axeitada.
 - A proposta razoada de escolarización.
 - Opinión asinada dos pais ou titores legais en relación á dita proposta.
- A dirección do centro envía este documento á Inspección educativa correspondente.

- A Inspección educativa eleva o dito ditame xunto co seu informe ao delegado provincial, que será quen resolva, notificándolle a decisión adoptada á dirección do centro, que, á súa vez, informará a familia do alumno ou alumna. En calquera caso, a resolución do ditame de escolarización sinalará a modalidade e o centro escolar que corresponda.

Así mesmo, os equipos de orientación específicos provinciais, como servizos de apoio externo especializado, cumpren unha función de asesoramento aos centros educativos e de colaboración cos departamentos de orientación, e poden, se se considera necesario, no ámbito das súas competencias e polo procedemento establecido para o efecto, intervir no proceso anteriormente exposto.

NECESIDADES EDUCATIVAS E RECURSOS NECESARIOS

Na discapacidade motora, e dentro do ámbito escolar, faise necesario poñer a énfase na resposta educativa, pensando máis en termos das “necesidades” deste alumnado ca nas súas limitacións persoais ou carencias específicas. Partir das necesidades educativas especiais que presenta unha persoa implica superar a linguaxe do “déficit” (as “etiquetas”), e asumir a importancia de avaliar tanto o neno ou nena como o contexto no que se desenvolve. Situámonos así no ámbito do alumnado **en relación aos recursos que necesita**, de maneira que se podería afirmar que **a discapacidade motora é menos discapacidade se no seu contorno se produce unha adaptación ás súas necesidades concretas**.

As principais necesidades educativas especiais que presenta este alumnado van estar:

- Asociadas á execución ou ausencia de movementos.
- Vinculadas ao desenvolvemento do seu propio corpo.
- Ligadas á comunicación (oral e escrita).

- Relacionadas co desenvolvemento social e coa autonomía persoal.
- Asociadas á aprendizaxe e aos medios de acceso ao currículo.

En todo caso, e dada a diversidade de tipoloxías e características particulares de cada persoa con discapacidade motora, resulta indispensable unha valoración e adecuación **individualizada** entre as súas necesidades e os recursos que precisa, tendo en conta que **non todos** os recursos e apoios son sempre necesarios nin ás veces tan sequera convenientes ou aconsellables.

De forma resumida ofrécese o seguinte esquema no que se expoñen as necesidades educativas máis frecuentes que presenta este alumnado:

Necesidades educativas na discapacidade motora

Motricidade e autonomía persoal

Mobilidade / control postural
 Manipulación
 Rehabilitación física
 Actividades básicas da vida diaria

Comunicación

Comprensión
 Expresión oral e escrita

Adaptación socio-persoal

Autoconcepto
 Intereses
 Motivación
 Sensibilidade, actitudes e medidas integradoras
 Integración social: relacións interpersoais
 Transición á vida adulta, orientación profesional e inserción laboral

Interacción escolar e proceso de aprendizaxe

Acción tutorial
 Medidas de carácter curricular e organizativo



Apoios, axustes ou adaptacións do currículo
Materiais, técnicas e instrumentos específicos
Metodoloxía, tempos e procedementos de avaliación adaptados

Por outra parte, estes son os recursos que, habitualmente, dentro do contorno escolar, poden contribuír a axustar a resposta educativa:

Principais recursos no ámbito escolar

Materiais

Accesibilidade ao centro (transporte adaptado) e a todas as súas dependencias (centro sen barreiras arquitectónicas)
Adecuación de espazos (aulas, patio, baños, corredores, portas, comedor, etc.)
Mobiliario adaptado (cadeira, mesa, repousapés, atril, etc.)
Material para o traballo escolar adaptado ou específico
Facilitación de formas de expresión e sistemas aumentativos/alternativos de comunicación (SAAC)
Axudas técnicas, instrumentos especiais

Persoais

Profesor titor/profesor de áreas
Profesor especialista: Pedagogía Terapéutica/Audición e Linguaxe
Persoal auxiliar técnico educativo
Servizos de apoio e orientación psicopedagóxica: Departamento de Orientación/Equipo de Orientación Específico
Coordinación con outros servizos externos ao centro (atención temperá, rehabilitación, fisioterapia, terapia ocupacional, etc.)

Convén recordar que as adaptacións para poder acceder ao currículo son quizás a primeira e principal medida para facilitar unha escolarización o máis normalizada posible. Para axustar a resposta



educativa ofrecida a este alumnado é preciso partir da análise de aspectos como a mobilidade, o mantemento ou ausencia de control postural, a posibilidade de comunicación oral e a existencia ou non de disfuncións asociadas ao propio trastorno motor. No contexto propiamente escolar, a habilitación do contorno e as axudas técnicas e materiais que con maior frecuencia require este alumnado, son as seguintes:

Eliminación de barreiras arquitectónicas, co fin de posibilitar o acceso a todos os servizos e espazos do centro escolar.

Mobiliario adaptado, que permita facilitar o control postural do alumno ou alumna e a colocación funcional para o traballo na clase, contando co asesoramento técnico dos profesionais do ámbito sanitario e procurando sempre que sexa o máis “normalizado” e parecido posible ao resto do grupo.

Materiais escolares adaptados, para favorecer o acceso ao currículo: bases antideslizantes, material imantado, adaptadores para os útiles de escritura, sinalizadores, adaptacións para actividades de pegado ou recortado, materiais didácticos con pezas manipulables ou adhesivas, etc.

Tecnoloxías da información e da comunicación, dentro das que cabe destacar a grande achega que supón para moitos destes alumnos e alumnas a utilización do ordenador, coas adaptacións de acceso e programas específicos correspondentes. A este respecto, cabe salientar as posibilidades da páxina de contidos desta consellería (<http://contidos.edu.xunta.es/portal/>) con múltiples recursos e ligazóns de interese.

Conmutadores ou pulsadores adaptados para acceder ás diferentes funcións dos instrumentos de comunicación ou de traballo escolar.

Sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación (SAAC): son todos aqueles recursos e axudas técnicas que permi-

ten suplir ou complementar as limitacións funcionais dunha persoa no ámbito da comunicación. En bastantes casos de alumnado con discapacidade motora será necesaria a súa utilización, tendo en conta (de forma moi simplificada) que estes sistemas poden ser de dous tipos:

- SAAC “sen axuda” (de comunicación “non asistida”): linguaxes de signos, xestos, dactiloloxía, etc. Debido ás súas limitacións motrices, estes sistemas son os menos frecuentes no alumnado con discapacidade motora.
- SAAC “con axuda” (de comunicación “asistida”), baseados en símbolos ou elementos figurativos, pictográficos, sistemas codificados, axudas electrónicas (comunicadores) ou recursos técnico-informáticos.

En todo caso, hai que ter en conta que as axudas e recursos son un medio, non un fin, e, xa que logo, deben servir para conseguir o obxectivo prioritario con este alumnado: **dotalo da maior autonomía posible para facilitar o seu desenvolvemento en todos os ámbitos**. Polo tanto, tan importante como proporcionarlle axudas e recursos ao alumnado cando sexa conveniente, é o feito de saber retirar progresivamente as ditas axudas ou apoios cando xa non sexa necesaria a súa utilización.

A INTERVENCIÓN EDUCATIVA: OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS

A intervención educativa nas discapacidades motoras debe partir do postulado de que, independentemente da súa situación motriz, toda persoa presenta potencialidades (nos ámbitos orgánico, psíquico, educativo e social) que hai que aproveitar e desenvolver, coa certeza de que no traballo sempre se poden conseguir logros, ben sexa sobre o propio neno ou nena, ben sobre o contorno ou a familia e, ao mesmo tempo, como medio de enriquecemento persoal para todos.

Así, **entre os obxectivos prioritarios** que se deben ter en conta no traballo educativo con este alumnado, hai que destacar os seguintes:

- Potenciar a súa autonomía persoal: desenvolvemento de destrezas motrices, hábitos hixiénicos e de autocoidado, ou de habilidades sociais, establecendo niveis de esixencia progresivos, congruentes e constantes.
- Favorecer a participación activa do alumno ou alumna na comunidade educativa.
- Proporcionarlle medios de expresión eficientes e claros que permitan unha fácil comunicación cos demais.
- Fomentar a capacidade de socialización, facilitando a interacción en todos os ambientes, ademais do escolar, sobre todo en actividades sociais de ocio e de lecer.

Outro aspecto que cómpre ter en conta é a **importancia das actitudes**. A atención ao alumnado con discapacidade motora require sobre todo actitudes positivas, realistas e flexibles que permitan saber adaptarse e tratalos. De feito, case nunca unha barreira física é máis infranqueable cás psicolóxicas procedentes das persoas que rodean o discapacitado. Por iso, na práctica educativa é tan importante a *actitude* do profesional como o conxunto de *aptitudes* que poida ter adquiridas por determinada formación ou experiencia. Por iso, e tendo en conta que a actitude fundamental é o respecto cara ás persoas, á hora de traballar con este alumnado convén tomar conciencia das seguintes premisas:

- Non deixarse levar pola aparencia. A alteración motora adoita ir acompañada de certos trazos externos que conducen a pensar na existencia de deficiencias (por exemplo, de tipo cognitivo) que non sempre, nin moito menos, van parellas á limitación motriz.

- Non adoptar actitudes de permisividade ou sobreprotección, porque impiden o desenvolvemento da autonomía persoal. A naturalidade é a mellor forma de empatizar e interaccionar con estes alumnos.
- Ter en conta que o autoconceito destes nenos está estreitamente vinculado ás ideas previas que sobre eles teñan as persoas que os rodean; é dicir, que constrúen a súa propia imaxe dependendo de como os perciben os demais. De aí a importancia da transmisión de expectativas positivas e de superación persoal que favorezan a súa seguridade e a autoestima.

Por último, con respecto ás **estratexias e pautas educativas** no centro escolar, hai que ter en conta que as diferenzas individuais e as necesidades que presenta o alumnado con discapacidade motora determinan a resposta educativa que se lle debe ofrecer; resposta que debe realizarse no ámbito do centro, da aula e no individual.

No centro educativo resulta fundamental elaborar un **proxecto conxunto** que, dirixido a toda a comunidade educativa e recollido nos diferentes documentos de xestión do centro, contemple os acordos referidos ás medidas de atención á diversidade, ás adaptacións necesarias, á coordinación entre os distintos profesionais, aos procedementos metodolóxicos e de avaliación e á participación das familias.

Así mesmo, a concienciación do contorno escolar e social sobre o valor da diversidade debe ser asumida como un importante obxectivo en todo o centro e, de forma particular, na clase en que se escolarice este alumnado. Faise necesario, polo tanto, incluír dentro do plan de acción tutorial actuacións concretas dirixidas a promover a sensibilización e o desenvolvemento de actitudes positivas ante as diferenzas individuais entre as persoas.

Por outra parte, tanto na aula como a nivel individual haberá que prever e planificar os recursos de tipo persoal e material. Cando as dificultades non son moi importantes, determinados axustes na metodoloxía, nos materiais e nos agrupamentos poden bastar para responder ás necesidades do alumnado; pero cando as necesidades son máis acusadas, poden requirir doutras medidas máis específicas.

En calquera caso, as accións deseñadas para adecuar a resposta educativa, dentro das propostas de atención á diversidade que ofrece a nosa lexislación, poderán contemplar tanto medidas **curriculares** como **organizativas** (que se clasifican así só con carácter expositivo, pois ambas coexisten e se inflúen mutuamente), que se enuncian seguidamente a modo de resumo:

Medidas curriculares:

- Proxecto curricular, programacións didácticas e programación de aula.
- Acción tutorial.
- Medidas individuais de adaptación do currículo: reforzo educativo, adaptación curricular individualizada.
- A optatividade.
- Flexibilización da duración do período de escolarización: permanencia dun ano máis nun ciclo ou etapa educativa.
- Fragmentación de cursos por materias ou módulos na ensinanza secundaria.

Medidas organizativas:

- Organización da aula e da clase: disposición dos espazos, talleres, recantos, traballo cooperativo, tutoría de iguais...
- Formas e contido dos apoios na atención ao alumnado.

- Agrupamentos flexibles.
- Programas de diversificación curricular.
- Agrupamentos específicos e outras medidas organizativas.

ASPECTOS METODOLÓXICOS XERAIS

Entre as **consideracións xerais** máis importantes que hai que ter en conta á hora de traballar na clase co alumnado con dificultades motrices debemos sinalar as seguintes:

- É importante atender á organización espacial da aula para decidir a situación axeitada do alumno ou alumna, tendo en conta os recursos técnicos que utilice, o seu campo visual, a amplitude dos seus movementos e as súas posibilidades de manipulación.
- Manter un clima relacional de afecto, confianza e paciencia, que é perfectamente compatible cos niveis de esixencia e cumprimento que se requiren para que realice as tarefas.
- Atender tanto á individualización como á súa socialización. A relación que mantén o persoal educativo do centro co alumnado permitirá ofrecerlle oportunidades de sentirse seguro, comprendido, aceptado e integrado no grupo, dándolle a opción de ser útil, de comunicarse, de relacionarse activamente cos demais.
- Planificar actividades de aprendizaxe que estean fundamentadas en obxectivos realistas, funcionais e axustados ás súas necesidades e intereses, propiciando a creatividade e a variedade de experiencias.
- Establecer ritmos de traballo apropiados ás posibilidades de cadaquén, axustando as propostas escolares á súa capacidade de resposta e ao seu nivel de rendemento,

ofrecendo, se é preciso, máis tempo para acabar as tarefas ou para emitir unha resposta. Seleccionar, así mesmo, os procedementos e instrumentos axeitados para a súa avaliación, adaptando tamén os tempos necesarios.

- Xerar na clase un contorno facilitador das aprendizaxes, a través de accións como:
 - Prever con antelación os materiais que necesitará para levar a cabo unha determinada tarefa, proporcionando só as axudas imprescindibles.
 - Combinar tarefas máis arduas con situacións de distensión que o motiven, valorando, non só os resultados, senón tamén o esforzo e o proceso levados a cabo.
 - Propoñer ao alumnado situacións nas que poida percibir os propios éxitos como resultado exclusivamente da súa habilidade e competencia.
 - O traballo cooperativo e en grupo pode favorecer a todo o alumnado, reforzando as aprendizaxes e as relacións positivas entre eles.
 - Durante todo o proceso educativo, é imprescindible buscar sempre a **coherencia**, o que implica manter unha unidade de criterios e un traballo coordinado entre todos os profesionais que inciden nun mesmo alumno ou alumna.

En definitiva, a intervención educativa debe contribuír ao seu desenvolvemento global a partir das súas potencialidades, tendo en conta o feito de que unha escola mellor para os nenos e nenas con limitacións será, sen dúbida, unha escola mellor para todos.

BUSCANDO AXUDA

Por onde empezou?

O inicio da escolarización dun neno ou nena con discapacidade motora é un momento especialmente importante na súa vida. Ante esta situación hai que partir do feito de que a súa familia xa trae consigo unha traxectoria de contacto previo con diversos profesionais, sobre todo dos ámbitos sanitario e dos servizos sociais, dende o médico neonatólogo e o pediatra, que levaron a cabo e transmitiron unha valoración diagnóstica, ata o equipo de profesionais dos servizos de atención temperá e rehabilitación infantil (médicos rehabilitadores, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadores sociais, psicólogos).

A través destes servizos as familias reciben as orientacións necesarias e os nenos e nenas as estimulacións e atencións especializadas que inicialmente precisan para o seu desenvolvemento, así como o posterior programa adaptado de intervención e seguimentos periódicos. En todo momento, pero de forma especial nesta primeira etapa, a familia debe manter unha estreita colaboración con todos estes profesionais, co fin de traballar conxuntamente en función das características e evolución que o fillo ou filla vaia amosando.

Probablemente tamén neste período de tempo as familias teñan que acudir aos equipos de valoración dependentes da Xunta de Galicia, por ser estes servizos os encargados de determinar o grao oficial de minusvalía e de proporcionar información e asesoramento relativo ás distintas prestacións e axudas que existen para as persoas con discapacidade.



Como un importante recurso de apoio ás familias hai que destacar tamén o traballo que levan a cabo as asociacións de pais e nais e persoas que teñen relación coas discapacidades, ao proporcionar-lles asesoramento en diversos ámbitos (psicolóxico, legal e formativo), así como propiciar actividades sociais e creación de grupos que permiten compartir e intercambiar experiencias.

En calquera caso, ao longo do desenvolvemento do seu fillo ou filla, as familias necesitarán da participación e colaboración de diversos profesionais da saúde, dos servizos sociais e da educación, segundo o momento evolutivo e as necesidades que vaian xurdindo.

Todos estes servizos e institucións serán tamén, cada un dende o seu ámbito, fontes de información sobre recursos e prestacións: bolsas, axudas para mobilidade, comunicación ou adaptacións funcionais, deducións fiscais, programas de axuda a domicilio e de respiro familiar, campamentos, centros ocupacionais, residencias ou centros específicos e demais.

No ámbito propiamente escolar, os **orientadores e orientadoras dos centros educativos** desempeñan un papel fundamental á hora de tratar coas familias, pois son os primeiros encargados de valorar as necesidades educativas especiais que presenta o alumnado e realizar as propostas sobre a modalidade de escolarización, os recursos necesarios e as medidas axeitadas para adecuar a resposta educativa ás necesidades detectadas. Así mesmo, a nivel provincial, os centros educativos poden solicitar a colaboración dos correspondentes especialistas do **Equipo de Orientación Específico** en relación a este alumnado. Os enderezos destes equipos son os seguintes:

<http://centros.edu.xunta.es/contidos/eoe>

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DA CORUÑA

R/ Pepín Rivero, s/n
15011 A Coruña
Tfno.: 981 251 403 – 981 251 466
oe.coruna@edu.xunta.es

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE LUGO

R/ Dr. Yáñez Rebolo, 31
27004 Lugo
Tfno.: 982 228 488
oe.lugo@edu.xunta.es

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE OURENSE

Rúa da Universidade, s/n
32005 Ourense
Tfno.: 988 231 991
oe.ourense@edu.xunta.es

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE PONTEVEDRA

Avenida Fernández Ladreda, 48 – 8º
36003 Pontevedra
Tfno.: 986 805 655 – 986 805 972
oe.pontevedra@edu.xunta.es

PAPEL DAS FAMILIAS

Que podemos facer os pais e nais?

A detección dunha discapacidade nun fillo ou nunha filla provoca un desaxuste emocional importante na familia, xa que supón unha ruptura coas expectativas que inicialmente tiña cara a eles.

Aínda que cada caso concreto é diferente, habitualmente pasan por diferentes reaccións e etapas que inclúen sentimentos de conmoción e frustración, negación da realidade, tristeza e ansiedade. Son sentimentos todos eles que deben ir evolucionando cara a outros máis satisfactorios, na procura dun equilibrio persoal e familiar que permita superar as posibles culpabilizacións e chegar á aceptación do neno ou nena tal como é, coas súas limitacións e posibilidades.

Por outra parte, hai que ter en conta que a familia é o lugar en que se comezan a formar o autoconceito e a autoestima das persoas. Neste sentido, teñen unha grande influencia o conxunto de **actitudes** máis ou menos directas que transmiten os pais e nais e o resto de familiares ante a situación. Entre estas actitudes, as máis frecuentes son:

Sobreprotección: as actitudes sobreprotectoras levan as familias a darlles todo feito aos seus fillos e fillas, a axudarlles máis do necesario, evitando delegar responsabilidades ou tarefas que poderían desenvolver perfectamente por si mesmos. As consecuencias son a excesiva dependencia do adulto, esperando sempre que sexan os demais os que lles resolvan os problemas, así como a inseguridade e o medo ao crecemento e á autonomía persoal.

Permisividade: polo xeral, xunto con sentimentos de compaixón e pena, as familias poden adoptar un estilo permisivo que fai que

sexa moi difícil levar á práctica calquera propósito ou obxectivo importante para o seu desenvolvemento. Nun ambiente permisivo, todo queda en mans do que xurda no momento, non se controlan as condutas, non se dan nin se esixen responsabilidades, concédense todas as demandas que fan os nenos e nenas. Isto contribúe a formar persoas inmaturas, desinteresadas e apáticas, con baixo nivel de tolerancia á frustración e problemas nas relacións sociais.

Sobresixencia: como antítese das anteriores actitudes, moitos pais e nais adoptan condutas que implican unha esixencia superior ao propio ritmo e posibilidades dos seus fillos e fillas, creando un ambiente cheo de tensión e provocando sentimentos de impotencia que poden bloquear a súa evolución.

Paidocentrismo: este tipo de actitude fai que toda a vida familiar xire arredor do neno ou nena e das súas necesidades, co que se ve afectada, así, a vida persoal e de relacións sociais de toda a familia.

Resignación: esta actitude supón aceptar de forma derrotista as limitacións do fillo ou filla, reparando máis no que falta que no que hai, non tendo en conta as súas posibilidades e o valor da motivación, da estimulación e do esforzo conxunto.

Ante estas actitudes, a familia, que é quen mellor coñece o neno ou nena, deberá intentar buscar un estilo de atención educativa o máis equilibrado posible, que potencie a autonomía e a madurez persoal:

- Tendo en conta que o seu fillo é un ser en desenvolvemento e que este é un proceso lento e aínda máis nos nenos e nenas con determinadas discapacidade motoras.
- Aprendéndolles a valer-se na medida do posible por si mesmos, dándolles á vez responsabilidades para que se autovaloren e se sintan útiles.

- Sendo conscientes das súas capacidades, mostrándose firmes na realización das tarefas propostas, aínda que requiran de máis tempo ou esforzo.
- Tratando de normalizar a súa participación e implicación activa nas situacións cotiás da familia, sen esquecer que os demais fillos e fillas tamén os necesitan.

Outras propostas dirixidas a optimizar a atención ofrecida a estas persoas no ámbito familiar son as seguintes:

- Prestar especial atención aos movementos e cambios posturais, respectando as súas particulares características físicas e seguindo as recomendacións e pautas dos especialistas correspondentes para movelo, desprazalo ou modificar posturas.
- Procurar adaptacións prácticas e sinxelas dos utensilios de comida, así como do seu vestiario, que favorezan a súa propia imaxe positiva e autonomía, buscando ao mesmo tempo a maior independencia na súa hixiene persoal.
- Dedicar tempo á estimulación global do neno, a través de actividades con xoguetes adaptados, xogos de salón, xogos sensoriais e psicomotrices, dentro do contorno lúdico e relaxado que tales situacións poden ofrecer.
- Dada a importancia que ten o feito de expresarse e sentirse comprendido polos demais, dar prioridade ao obxectivo da comunicación, outorgándolle sentido ás respostas que dean por leves que sexan, aproveitando todos os indicadores e recursos posibles para crear vínculos comunicativos.
- Non hai que esquecer que os nenos e nenas con discapacidade motora teñen as mesmas necesidades básicas que os demais: seguridade, diversión,

estímulo e cariño. Como todo o mundo, tamén eles teñen a súa propia personalidade, que debe ser entendida e aceptada como tal, e cómpre ofrecerlles a oportunidade dunha educación en familia como a de calquera outro neno, na medida do posible.

Por último, un obxectivo importante é a participación destas persoas en todos os ámbitos que ofrece o seu contorno social, coas adaptacións necesarias, especialmente en actividades de **lecer** e no **deporte**, tendo en conta que son un medio de potenciar, non só o desenvolvemento físico, senón tamén as habilidades de interacción cos demais.

Trátase, en definitiva, de traballar co obxectivo común de ofrecer a estes nenos e nenas unha atención axeitada que lles axude a mellorar a súa autonomía persoal, a estimular a súa capacidade intelectual, a desenvolver a súa comunicación e a favorecer a súa relación social.



REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).

Lei 8/1997, do 20 de agosto (DOG do 29 de agosto), de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei 51/2003, do 2 de decembro (BOE do 3 de decembro), de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro) pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19 de decembro) pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

Decreto 69/1998, do 26 de febreiro (DOG do 10 de marzo) polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo) pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/98.

Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 de xaneiro de 2003) pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

Resolución do 22 de decembro de 2004 (DOG do 4 de xaneiro de 2005), da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANDRÉS, T.; MOYÁ, J. e PEÑA, A.I. (1997). *Alteraciones motoras en el desarrollo infantil*. Ed. CCS. Madrid.
- BASIL, C.; SORO-CAMATS, E. e ROSELL, C. (1998). *Sistemas de signos y ayudas técnicas para la comunicación aumentativa y la escritura*. Ed. Masson. Barcelona.
- BIDABE, L. e LOLLAR, J.M. (1994). *MOVE. Método de Oportunidades de Movilidad a través de la Educación*. Distesa. Madrid.
- CARDONA, M.; GALLARDO, M^a V. e SALVADOR, M^a L. (2001). *Adaptemos la escuela. Orientaciones ante la discapacidad motórica*. Ed. Aljibe. Málaga.
- CNREE (1990). *Las Necesidades Educativas Especiales del niño con Deficiencia Motora*. MEC/Centro Nacional de Recursos para la Educación Especial. Madrid.
- COBOS, P. (2003). *El desarrollo psicomotor y sus alteraciones. Manual práctico para evaluarlo y favorecerlo*. Ed. Pirámide. Madrid.

- COMELLAS, M.J. (2001). *Los hábitos de autonomía: proceso de adquisición. Hitos evolutivos y metodología*. Ed. CEAC. Barcelona.
- GALLARDO, M^a V. e SALVADOR, M^aL. (1994). *Discapacidad motórica. Aspectos psicoevolutivos y educativos*. Ed. Aljibe. Málaga.
- LE MÉTAYER, M. (1995). *Reeducación cerebromotriz del niño pequeño. Educación terapéutica*. Ed. Masson. Barcelona.
- MARTÍN-CARO, L. e JUNOY, M. (2001). *Sistemas de comunicación y parálisis cerebral*. ICCE. Madrid.
- PUYUELO, M. e ARRIBA, J.A. (2000). *Parálisis cerebral infantil. Aspectos comunicativos y psicopedagógicos. Orientaciones al profesorado y a la familia*. Ed. Aljibe. Málaga.
- RÍOS, M. (2003). *Manual de educación física adaptada al alumnado con discapacidad*. Paidolibro. Barcelona.
- SÁNCHEZ, A. (2004). *Tecnologías de la información y comunicación para la discapacidad*. Ed. Aljibe. Málaga.
- SÁNCHEZ, R. (2002). *Ordenador y Discapacidad. Guía práctica de apoyo a las personas con necesidades educativas especiales*. CEPE. Madrid.
- SÁNCHEZ, J. e LLORCA, M. (2004). *Atención educativa al alumnado con parálisis cerebral*. Ed. Aljibe. Málaga.
- SANZ, C. (2004). *Aquí jugamos todos*. Ed. Pila Teleña. Madrid.
- TORRES, S (coord.). (2001). *Sistemas alternativos de comunicación. Manual de comunicación aumentativa y alternativa: sistemas y estrategias*. Ed. Aljibe. Málaga.

ALGUNHAS LIGAZÓNS DE INTERESE EN INTERNET

ACCESO (Unidade de Investigación da Universidade de Valencia).
<http://acceso.uv.es>

ASPACE (Confederación Española de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e afíns).
<http://www.aspace.org>

CEAPAT (Centro Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas).
<http://www.ceapat.org>

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
<http://contidos.edu.xunta.es/portal/>

CREENA (Centro de Recursos de Educación Especial de Navarra).
<http://www.pnte.cfnavarra.es/creena>

DISCAPNET (Promovido pola Fundación ONCE).
<http://www.discapnet.es>

MEC (Ministerio de Educación e Ciencia).
<http://www.cnice.mecd.es>

SID (Servizo de Información sobre Discapacidade).
<http://sid.usal.es>

